

ACTA

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D^a. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D^a. María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D^a Evangelina María Orois Conde.

D^a. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

Secretario:

D. Juan Colmenares López Soldado.

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández.

En Arzúa, a 4 de marzo de 2016.

Sendo as 20:10 horas, reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Non asistindo a esta sesión a concelleira do grupo político do PP dona Vanessa Quintela Pedreira.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a Orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA:

Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA

SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2015.

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º) LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO PARA O EXERCICIO 2016, (incluído na Orde do día desta sesión por razóns de urxencia).

Polo Sr. alcalde se informa que, como este asunto foi incluído na orde do día desta sesión por razóns de urxencia, sen que poidera ser informado previamente pola Comisión especial de Contas, é necesario que o Pleno ratifique agora a súa inclusión na Orde do día desta sesión, por canto que así o dispón o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Pasando seguidamente a explicar:

-Que é necesario aprobar un teito de gasto, porque así o dí a Lei Orgánica de Estabilidade orzamentaria e Sostenibilidade financeira.

-Que os datos que se utilizan saen do orzamento, porque unha cousa non é independente da outra.

-Que, con anterioridade á aprobación do orzamento municipal, procede aprobar ese teito de gasto.

Tras o exposto, o Sr. alcalde indicou que se ía a someter a votación ordinaria a urxencia de tratar agora este asunto.

Adoptándose -por unanimidade dos doce membros asistentes- o acordo de considerar xustificada a urxencia de incluír este asunto na Orde do día desta sesión.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. alcalde para indicar cal é ese límite para este ano.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar que non ten nada que obxectar, porque a lei establece esa obriga.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que está de acordo coa aprobación do límite de gasto non financeiro.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que tamén esta de acordo coa aprobación do límite de gasto non financeiro.

* Da Sra. Varela Duro (de AxA) para expresar que se pronuncia no mesmo sentido que os anteriores concelleiros.

Polo que, chegado este momento, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose -por unanimidade dos doce membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- o acordo de aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2016, aos efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostenibilidade financeira, por un importe de 4.850.115,89 euros.

Punto 3º) DECIDIR SOBRE A APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO PRESENTE EXERCICIO ECONÓMICO 2016.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 26 de febreiro de 2016; no seguinte sentido:

“Explica o Presidente da Comisión que o mais destacable deste orzamento é o control e reforzo que se fai sobre diversas partidas. En concreto, contrólense o gasto

destinado a material de oficina, e axústanse outras contratacións levadas a cabo como as actividades deportivas. Incrementáanse os cartos destinados ás parroquias, e as partidas de cultura así como a de emerxencia social. Tamén se continúa coa partida reservada ao fomento de emprego.

Toma a palabra o Sr. García Couso (de CxG) para comentar:

- Que para el é o primeiro contacto que ten co orzamento e que non ten capacidade para estudialo no tempo que tivo.

- Que, en consecuencia, vaise a abster neste momento e que no Pleno verase a posición que adopta sobre o mesmo, unha vez estudiado.

- Que pide ao Presidente si pode concretar un pouco mais as diferentes partidas, e tamén que lle responda si se prevé no orzamento o rescate do servizo de axuda no fogar, o que redundaría nunha maior calidade do servizo.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE) para manifestar que se vai abster neste momento para estudialo mellor, e que se reserva para pronunciarse no Pleno.

Toma a palabra o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) para manifestar que tamén se vai abster agora para estudialo mellor, e que se reserva para pronunciarse no Pleno.

Responde o Sr. Presidente da Comisión, á pregunta efectuada polo Sr. García Couso, manifestando que non dispón de todos os datos e que mellor volva a realizar dita pregunta no Pleno que lle será contestada.

Pregunta o Sr. García Couso (de CxG) si alguén lle pode contestar algo en relación ao tema do servizo de axuda no fogar, e se lle podería contestar algo a interventora.

Responde a interventora que o servizo de axuda no fogar vai dento do capítulo II, configurado como contrato de servizos.

Tras o exposto o Presidente da Comisión someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por catro votos a favor (de AxA) e catro abstencións (2 do PP, 1 de CxG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente a aprobación do orzamento municipal do presente exercicio económico 2016.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expoñer que, tendo noticias de que se estaba traballando na elaboración do orzamento, presentou un escrito dirixido á Alcaldía, a través do cal solicitaba a inclusión nese orzamento municipal do que el consideraba prioritario para Arzúa; pasando a ler ese escrito, do cal dixo que ía entregar unha copia ao secretario, para que constase en acta. Sendo o contido de dito escrito o seguinte:

“J. Inacio García Couso, membro da corporación local deste concello cuxos datos de afiliación xa lle constan, ante a alcaldía comparezo e digo.

Tendo coñecemento dos traballos de elaboración dos orzamentos municipais para o exercicio 2016.

Propoño que nestes se incluían partidas suficientes para facer fronte as necesidades básicas da veciñanza e pola súa importancia considero prioritarias no orde que se citan.

1º Construcción dun novo módulo na escola infantil. Tendo en conta a falta de prazas para cubrir a demanda actual, faise necesario a inmediata posta en servizo dun novo módulo que resolva este grave problema.

2º. Ubicación dun viveiro de empresas. Moitas das novas profesións actuais permiten que se poidan desenvolver dende a distancia. Tendo en conta as subvencións que están saindo para novos emprendedores, faise necesario que estes teñan un lugar físico que esto conleva para evitar o despoboamento que sofre este concello.

3º. Construcción dun local social en Lema. Esta é unha vella demanda das veciñas e veciños desta parroquia. Se temos en conta que se dispón do espazo para a súa ubicación esta carencia convírtese nun agravio con todas as que dispoñen de local.

4º. Creación de novas partidas para dar continuidade o servizo de abastecemento de auga potable as parroquias que non dispoñan deste servizo básico e o inicio de senamento das mesmas.”

Continúa o Sr. García Couso coa súa intervención para expoñer:

- Que, despois de ter acceso ao orzamento, observou que ningunha das súas peticións figuraba nas partidas dos capítulos deste orzamento, e tamén inclúe a posibilidade do rescate do servizo de axuda no fogar, que a técnica lle informou que aparece no capítulo II, como contrato de servizos; polo tanto o que se prevé é continuar coa privatización dese servizo.

- Que o feito de ter privatizado este servizo supón un maior custo, porque hai que pagar o IVE que é unha cantidade moi substancial que se aforrará, podendo ser destinada a mellorar o propio servizo.

- Que seguen presupuestadas tres prazas de policía local, cuando resulta que activa hai unha soa, e pide que se materialice o que está orzamentado, coa convocatoria polo menos dunha praza, para que o servizo estea minimamente cuberto, e espera que esa falta de convocatoria non sexa porque se esta esperando por algunha persoa concreta.

- Que figura no orzamento municipal unha partida de 400.000 euros, que vai destinada ao derribo do 5º andar do edificio da praza, e vai como custo, pero tamén como ingreso supoñendo que se execute, xa que se repercutira aos promotores; e pregunta: ¿Nese importe vai incluído a redacción dos proxectos de obra, a indemnización aos veciños, ou o realoxo dos afectados no momento de realizar a obra?

- Que a súa posición con respecto a este orzamento vai ser a de votar en conta, porque considera que son uns orzamentos non suficientes, sen ningunha ambición, sen ningunha novidade que cubra as necesidades, e cre que o concello ten capacidade para facer algún programa dos que el citou e non aparecen.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que considera que no orzamento municipal presentado observanse carencias, aínda que con moitas das obras que figuran estamos de acordo, se ben votamos en falta investimentos na vila.

- Que quere pedir que as obras, que se preveu realizar dentro deste orzamento, se fagan con empresas de Arzúa.

- Que neste asunto da aprobación do presente orzamento municipal vaise abster.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar:

- Que con estes orzamentos van quedar moitas cousas sen facer, que nos gustaría que se fixeran, polo que o grupo político do Partido Popular vaise abster.

-Que habería que tomar nota de moitas cousas que se poderían ter falado antes de elaborar os orzamentos, tanto ideas nosas como doutros partidos.

-Que no noso programa tiñamos moitas opcións de onde investir o orzamento do concello, e pide que se nos tivera máis en conta á hora de asinar as consignacións ás partidas do orzamento municipal, polo ben do pobo.

* Do Sr. alcalde para expoñer que os orzamentos do concello son moi realistas co que hai; e, contestando un pouco a varias das cuestións formuladas, quere dicir:

- Que tampouco hai que esperar á hora en que se vai a aprobar o orzamento municipal para propoñer cousas, porque ao longo do ano podense facer propostas e calquera cousa que se propoña sábese que vai ser estudiada.

- Que, con respecto ás propostas que presentou o Sr. García Couso, ten que dicir:

- Que no caso da escola infantil, non vai nada orzamentado porque está pendente dunha reunión co xerente do consorcio, que será o vindeiro martes, para saber a idea que ten con respecto á escola infantil. E xa se falara na visita que fixo á Deputación, coa concelleira do PSdeG-PSOE, para conseguir que se ampliasen dúas aulas, e non habería problema en dar unha axuda para realizar as obras, sempre que a Xunta de Galicia o permitira.

- Que o local social de Lema non está orzamentado, pero antes do que se pensa os veciños de Lema van a ter local social; non nos vai costar nada, en todo caso o custe será o das obras de rehabilitación. E máis adiante, cando estea todo pechado, informará sobre este tema.

- Que o viveiro de empresas non considera que sexa unha cousa prioritaria, xa que en moitos concellos que coñece -nos que hai un viveiro de empresas- é certo que se empezou con moita ansia, pero despois quedan abandonados.

- Que, sobre o abastecemento de auga, como dixo nunha sesión plenaria anterior, a idea que ten o equipo de goberno é seguir coa ampliación a partir de onde se deixara, na parroquia de Dombodan; de maneira que o seguinte proxecto incluiría os restos dos núcleos de Dombodan que quedaron sen acometidas na obra que se realizou o ano pasado, e o seguinte paso sería a parroquia de Branzá, pero como a empresa adxudicataria estaba pendente de realizar un estudio da necesidade ou non de poñer un pozo, por cuestións de presión, a semana pasada trouxeronlle ese estudio con respecto aos lugares que quedaron de Dombodan, como as Hortas, que será a seguinte obra a realizar a o mellor dentro deste ano, porque dispoñemos de diñeiro procedente do

remanente de tesourería da liquidación do orzamento do ano pasado.

- Que as tres prazas de policía local están orzamentadas, foi unha recomendación dos servizos económicos, debido a que hai unha praza que non está vacante, porque a persoa que a ocupaba -aínda que está xubilada- ten unha revisión e pode suceder que se reincorpore para ocupar esa praza.

Despois, todos os anos vense convocando un procedemento para poder nomear a un auxiliar da policía local, por un período de catro meses e, nalgúns casos, pódese realizar por seis meses con moita xustificación.

- Que os 400.000 euros, para o derribo do sexto andar do edificio da praza, veñen estando previstos no orzamento municipal desde hai varios anos, e o Sr. García Couso debe saber mais que el, porque sabe que se vai ter que pagar unha indemnización e un realoxo aos veciños que ocupan os pisos afectados; isto está sendo estudiado polo equipo técnico que se contratou, e ata que se rematen os pregos non o imos a coñecer.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para contestar ao alcalde:

- Que sobre o edificio da praza non sabe mais que o alcalde, pero o que sí sabe é que -se se executa a sentenza- hai persoas afectadas e haberá que darlle cumprimento aos dereitos que teñen, que é o que se fai noutros casos como este.

- Que parece que o da escola infantil xa vai ser, pero por agora non hai este servizo e, existe unha demanda, e un concello como Arzúa ten capacidade para construír e xestionar unha escola infantil; outra cousa é que sexa unha necesidade.

- Que alédase de que, para o local social de Lema, xa se teña a solución e lle gustaría sabela, pero se a saben os veciños é o mais importante, se o alcalde non di aquí se hai unha donación, ou unha obra, non estaría mal que os que estamos aquí, e somos representantes dos veciños aínda que en menor proporción, cremos que temos dereito a saber que se ese local social vai a ter un custe cero para o concello.

- Que se o viveiro de empresas fracasa será porque non se fai moi ben, porque este concello ten medios locais para facelo e tamén podemos ter iniciativas, sen estar esperando a que veña un programa da Deputación para ter ese servizo.

- Que o único que se modificou do orzamento foi a redución dalgúns partidas e o aumento doutras, pero en cantidades de pouca importancia; póren o Concello incrementou os ingresos pola recadación do imposto sobre bens inmoables desde o 2010 a 2015, xa que aumentou de 863.000 euros a 1.138.00 euros.

- Que noutros gastos aumentouse o investimento, como na Festa do Queixo, que en 2010 foi de 138.000 euros e en 2015 de 205.000 euros; e resulta que a maioría deses gastos van en contratación, porque os caches de 2010 a 2015 non subiron, e en moitos casos baixaron.

- Que non se dou resposta ás demandas que presentou e dise que serán atendidas, pero non para ser tidas en conta nestes orzamentos.

Polo tanto a súa postura vai ser a de votar en contra.

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para pedir que os orzamentos do vindeiro ano se lle faciliten con mais prazo para poder estudialos, porque nunha semana é moi complicado.

Indicando seguidamente, en relación co local social de Lema, que esta é unha das poucas parroquias que non ten local social; e xa, nunha lexislatura anterior, o grupo

socialista protestou por este tema, porque íase a derrubar a edificación da escola de Pastoriza, e houbo unha recollida de sinaturas para que se restaurase, como así se fixo noutras parroquias.

*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que reitera no que dixo anteriormente.

* Do Sr. alcalde, para expoñer:

- Que en canto ao servizo de axuda no fogar:

• En decembro de 2011 había 14 usuarios na modalidade de dependencia e 10 usuarios na modalidade de libre concurrencia, e prestaban ese servizo 2 auxiliares a xornada completa e 1 auxiliar a media xornada, e

• En febreiro de 2016 hai 24 usuarios na modalidade de dependencia e 15 usuarios na modalidade de libre concurrencia, e prestan ese servizo 2 auxiliares a xornada completa e 18 auxiliares a media xornada.

- Que en canto aos seguros concertados polo concello:

• Para o seguro de responsabilidade civil prevéronse 11.756 euros no ano 2011, e no ano 2016, 7.350 euros; tendo en conta que o IVE agora é do 21% e antes do 18%.

• Polo seguro de vehículos preveronse 13.000 euros no ano 2011, e no ano 2016, 5.343 euros, e

• Polo seguro de danos en bens mobles e inmobles preveronse 7.500 euros, no ano 2011, e no ano 2016 6854 euros.

Polo tanto hai un aforro nos seguros, con respecto ao 2011, de 12.709 euros.

- Que, en canto ao mantemento de ascensores:

• No ano 2011 para ese servizo preveuse un custo de 14.037 euros (*1.550 euros o do Colexio de Educación Infantil e Primaria, 1.897 o do concello, 8.740 euros o do edificio multiusos e 1.850 euros o do edificio María Mariño*), e

• No ano 2016 vai supoñer un custo de 7.840 euros (*1.306 euros o do CEIP e, 6.534 o do Concello, edificio multiusos e edificio María Mariño*).

- Que a contratación da festa da terceira idade, custoulle ao concello 31.200 euros no ano 2011, mentres que no ano 2016 vaille supoñer 22.000 euros.

- Que o subministro de enerxía eléctrica:

• No ano 2011, la previsión foi de 398.058 euros (*262.798 euros o alumeadado público, 22.225 euros o CEIP e 113.035 euros respecto a outras dependencias*), e

• No ano 2016, vaille a supoñer 285.639 euros (*217.000 euros o alumeadado público, 8.000 euros o CEIP e 60.639 euros outras dependencias*).

- Que o custo en material de oficina que se preveu no ano 2011 foi de 14.135 euros, e para o presente ano prevense 9.000 euros.

- Que en cultura preveronse 39.551 euros no ano 2011, e a previsión para o ano 2016 é de 61.800.

- Que para o servizo de prevención de riscos laborais preveronse 6.500 euros no ano 2011, e no ano 2016 3.552 euros.

- Que o orzamento do ano 2010 e o do ano 2016 son moi parecidos, pero a diferenza está no Capítulo II.

- Que o Sr. García Couseo tamén debería examinar os 135.000 euros que se gastaron na Festa do Queixo cando el era concelleiro, e revisar o que se gastou en publicidade e o que se está gastando agora.

- Que o aumento que houbo na recadación do imposto sobre bens inmobles está investido no Capítulo II

- Que os orzamentos presentados son uns orzamentos máis realistas, transparentes e adaptados á legalidade.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para solicitar que se lle aclare que quere dicir o alcalde con que este orzamento está adaptado á legalidade, porque parece que está dando a entender que había outros orzamentos que non eran legais, os cales o alcalde votou a favor cando era concelleiro.

* Do Sr. alcalde para responder que o que acaba de dicir o Sr. García Couso non é o que el dixo exactamente, e pídelles que no tarxívese as súas palabras, porque xa sabe como se gobernaba antes, e por exemplo, no tema das contratacións de servizos, puido comprobar -cando accedeu ao cargo de alcalde- que algunhas desas contratacións das que antes falara non estaban ao día, o cal non sucede agora.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria tanto a aprobación do orzamento municipal elaborado para o exercicio 2016, como a aprobación do cadro de persoal ao servizo desta entidade local, nos termos en que foron presentados;

Adoptándose -por sete votos a favor (de AxA) e un en contra (de CxG-CCTT), coa abstención dos tres concelleiros do Partido Popular e da concelleira do PSdeG-PSOE- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobación inicialmente o orzamento municipal para o exercicio económico 2016, nos termos en que foi elaborado.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións no Boletín Oficial da Provincia, conforme se dispón no artigo 169 n.º 1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que -de conformidade con dito artigo- no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente considerárase definitivamente aprobado; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de cómo quedan os capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, a efectos de que poida entrar en vigor; dando cumprimento así ao disposto no artigo 169 n.º 5 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo.

Cuarto.- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, remitírase copia do expediente á administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Quinto.- Co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 90 n.º 1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 126 n.º 1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, aprobar o cadro de persoal ao servizo desta entidade local, que comprende os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

Punto 4º) RATIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 7 DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCES.

Polo secretario douse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión Informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 26 de febreiro de 2016; no seguinte sentido:

“Dáse lectura do escrito de data 4 de xaneiro de 2016 (rexistrado de saída co número 1), que o alcalde do concello de O Pino dirixiu ao alcalde do concello de Arzúa (que foi recibido o día 8 do mesmo mes de xaneiro, sendo rexistrado de entrada ao número 51); a través de cuxo escrito se comunica:

a) Que o Pleno da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, na sesión celebrada o día 13 de outubro de 2015, acordou modificar o artigo 7 dos seus Estatutos, coa finalidade de aumentar o tempo de renovación dos cargos de Presidente e Vicepresidente de un a dos anos; de maneira que o parágrafo cuarto de dito artigo 7 quedaría redactado así “Os cargos de presidente e vicepresidente renovaranse cada dous anos, seguindo a orde de concellos anteriormente mencionada; a mesma orde manterase na renovación á que se fai referencia no artigo 10”

b) Que dito acordo foi sometido a información pública, por prazo dun mes, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia nº 220, de data 18 de novembro de 2015.

c) Que asimesmo se solicitaron informes as Deputacións Provinciais de A Coruña e Lugo, e igualmente á Consellería competente en materia de réxime local.

d) Que transcorriu o prazo de información pública e se recibiron os informes da Deputación Provincial de Lugo e da Dirección Xeral de Administración Local, en sentido favorable; operando o silencio positivo con respecto ao informe da Deputación Provincial de A Coruña, porque non emitiu ese informe dentro do prazo solicitado.

e) Que é preciso que todos os concellos integrantes da Mancomunidade adopten o correspondente acordo, de ratificación daquela modificación do artigo 7 dos Estatutos; para o cal é necesario que o acordo se adopte co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada unha das Corporacións e que, unha vez adoptado ese acordo, se remita á Mancomunidade.

Tras manifestar a Sra. Balado Conde e o Sr. García Rodríguez a súa conformidade, coa modificación proposta do artigo 7 dos referidos estatutos, e indicar o Sr. García Couso que se ía abster.

A presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro, someteu a votación ordinaria a conveniencia de propoñer ao Pleno do Concello a modificación do artigo 7 dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, no sentido indicado.

Adoptándose -por sete votos a favor (4 de AxA, 2 do PP e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención do Sr. García Couso (de CxG-CCTT)- o pronunciamento de informar favorablemente esa modificación e, en consecuencia, propoñer ao Pleno do Concello a súa aprobación.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que vai manter a postura de absterse neste asunto, como na sesión da Comisión informativa, xa que non ten moita consideración para estes organismos que o único que fan é costarlle aos concellos unha cota anual, sen que se observe os servizos que desenvolven.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que está de acordo con que se renoven cada dous anos os cargos de presidente e vicepresidente da mancomunidade.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que tamén está de acordo con que eses cargos de presidente e vicepresidente se renoven cada dos anos.

* Do Sr. alcalde para informar que, nunha sesión que celebrou o Pleno da mancomunidade, formulouse esta posibilidade por considerar que era mellor, mais que nada por cuestións administrativas, e por todos os trastornos que supoñía cambiar a presidencia anualmente, *(que vai por orde alfabética do nome dos concellos que integran a mancomunidade)*.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por once votos a favor (7 de AxA, 3 do PP e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención do Sr. García Couso (de CxG-CCTT)- o acordo de modificar o artigo 7 dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, no sentido que fora formulado, para que os cargos de presidente e vicepresidente da mancomunidade se renoven cada dous anos, e non anualmente como se ven facendo, e pola mesma orde de renovación que establece o artigo 10 de ditos estatutos.

Punto 5º) MODIFICACIÓN DO ARTIGO 5 DA ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS E OUTROS.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitira a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 26 do pasado mes de febreiro; no seguinte seguinte sentido:

"Pola presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro, se informa:

-Que esta ordenanza foi aprobada polo Pleno do Concello, no ano 2012 *(sendo publicada no BOP o día 8 de outubro de 2012)*.

-Que, tal como consta na exposición de motivos, a modificación proposta ten por obxecto evitar a problemática que se xenera pola arbitrariedade na disposición das terrazas; para o cal se pretende modificar o punto 4) do artigo 5 *(que se refire aos toldos)*, de maneira que en vez de dispoñer "que se poderá autorizar a instalación de estruturas para soporte de toldos verticais curta ventos, sen ancoraxes ao chan", se

dispoña que esa instalación de estruturas para soporte de toldos verticais curta ventos poderá ser autorizada con ancoraxes ao chan.

-Que, deseguido, nese punto 4) do artigo 5 modificado, concrétase como deben ser os toldos verticais e a ancoraxe dos mesmos; o cal quedaría previsto da seguinte maneira:

“Toldos verticais.- Deberán ser de material transparente (no seu 80%) e a parte opaca da mesma cor do toldo horizontal, que poderá suxeitarse mediante sistemas que apoiem sobre o pavimento. Non deberán superar o ancho autorizado para a terraza, nin poderán conter publicidade agás o nome ou logotipo do establemento comercial.”

“Ancoraxe:

a) Non se permitirá a ancoraxe de ningún dos elementos da terraza ao pavimento (mesas, cadeiras, parasoles...)

b) No caso das mamparas e demais instalacións, destinadas a delimitar e/ou protexer as terrazas, poderán fixarse mediante unha ancoraxe que garanta a súa estabilidade, cumprindo as medidas de seguridade e accesibilidade necesarias (e adaptándose, en todo caso, á normativa existente nestas materias).

c) No suposto de que a ancoraxe necesitase perforar o firme, o titular do establecemento deberá achegar -á adocumentación que aporte- o compromiso formal de restituír o firme ao seu estado anterior, unha vez sexa retirada a instalación. En caso contrario, non lle será concedida a autorización. Se, chegado o momento da retirada da instalación, non cumprise o compromiso o autorizado, o Concello restituirá o firme a súa costa.”

Previa concesión do uso da palabra, realizáronse as seguintes manifestacións:

*Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT), para indicar que se ía abster na votación deste asunto.

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para manifestar que tamén se ía abster.

*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que comprobou que cando se vai camiñando pola beirarrúa, levando un carrito de nenos, algunhas veces queda moi limitado o seu acceso, polo que hai que meterse na vía pública para poder pasar; e quería saber se esa situación está contemplada nesta ordenanza.

Responde a Sra. Varela Duro (de AxA) que si, concretamente no punto 11 do artigo 14 da ordenanza, ao dispoñer que *“cando a terraza se coloque adosada á fachada do edificio, deberán deixarse libres, cando menos 0,50 metros desde as couzoeiras das portas; e neste espazo non poderá colocarse ningún tipo de mobiliario.”*

Tras todo o exposto a presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro, decidiu someter a votación ordinaria a conveniencia de introducir, na ordenanza reguladora da instalación de terrazas e outros elementos auxiliares en terreos de dominio público municipal, as modificacións propostas.

Adoptándose -por seis votos a favor (4 de AxA e 2 do PP), coa abstención da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) e do Sr. García Couso (de CxG-CCTT)- o pronunciamento de propoñer ao Pleno do Concello a modificación da referida

ordenanza, nos termos que quedaron indicados.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

-Que mantén a mesma postura de abstención, que expuxera na sesión da Comisión informativa, porque o principal dunha ordenanza é que se cumpra, e parece ser que a anterior no se cumpría, polo que se adoptou ao que non se cumpre.

-Que pide que se faga cumprir o que di esta ordenanza, e especialmente o manifestado polo Sr. García Rodríguez na sesión da Comisión informativa, para que quede un espazo suficiente polo que se poida pasar cos carritos para nenos, cadeiras de rodas, carros da compra e as propias persoas.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que espera que a ordenanza se cumpra agora, aínda que antes non se cumprise.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar:

- Que a rúa é de todos, e tamén dos comerciantes, pero quere que se respete aos viandantes sen interromper o tráfico; e cre que se o espazo que quedase libre entre a estrada e as mamparas, se éstas quedaran fixas, estarían obrigados a cumprir os espazos libres.

- Que se os carritos teñen que pasar entre a fachada dos bares e as cadeiras e mesas que se coloquen, vai a suceder que se continuarán arrimando esas cadeiras e mesas e entorpeceráse o paso.

*Do Sr. alcalde, para expresar:

- Que cando se aprobou a anterior ordenanza non existía ningún toldo lateral, despois sucedeu que proliferaron, a partir de que se prohibiu fumar nos bares.

- Que se vai a poñer en funcionamento a ordenanza porque houbo varios hosteleiros que viñeron a preguntar, xa que se esta producindo unha situación de inxustiza, porque uns están pagando por ter a terraza mentres que outros non pagan, e a través desta modificación preténdese acabar con esa situación.

Tras todo o exposto o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a aprobación da modificación da ordenanza reguladora da instalación de terras e outros elementos auxiliares en terreos de dominio público, nos termos en que quedou redactada.

Adoptándose -por once votos a favor (7 de AxA, 3 do PP e 1 do PSdeG-PSOE) coa abstención do Sr. García Couso (de CxG-CCTT)- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza reguladora da instalación de terrazas e outros elementos auxiliares en terreos de dominio público municipal, nos termos en que foi redactada, cuxa modificación afecta ao seu artigo 5, tal como se explica na exposición de motivos da ordenanza resultante da modificación.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles,

dentro dos cales os interesados poderán presenten presentar reclamacións e suxerencias.

Terceiro.- Que, para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dita ordenanza, durante ese período de información pública, considerárase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Cuarto.- Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente o texto da ordenanza resultante da modificación aprobada, así como este acordo de aprobación, no Boletín Oficial de Provincia.

Sen que poida entrar en vigor a ordenanza ata que sexa publicada en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2, en relación co artigo 65 nº 2, da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Punto 6º) MOCIÓN PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2016, POLOS REPRESENTANTES DOS CATRO PARTIDOS POLÍTICOS REPRESENTADOS NESTA CORPORACIÓN MUNICIPAL (REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 546), EN APOIO AO SECTOR LACTEO.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 26 de febreiro de 2015, no seguinte sentido:

“Coñecido por todos os asistentes o contido desta moción (que foi asinada polos representantes dos catro partidos políticos representados nesta Corporación Municipal).

A presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro, someteu a votación ordinaria a conveniencia de propoñer ao Pleno do Concello a súa aprobación.

Adoptándose -por unanimidade dos oito membros asistentes (4 de AxA, 2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- o pronunciamento de incluír esta moción na Orde do día da vindeira sesión plenaria, co obxecto de que se adopten os dous acordos que contén.”

Intervén o Sr. alcalde para expresar que a presentación desta moción conxunta foi un compromiso que adquirimos todos os partidos políticos representados nesta Corporación Local, e vai pasar a lela para que os ointes de Radio Arzúa coñezan o seu contido, dando seguidamente lectura do seu texto:

“O sector lácteo segue a vivir unha das maiores crises da súa historia, despois da desaparición das cotas lácteas e a liberalización total da produción.

Levamos meses de caídas continuadas dos prezos do leite en orixe,

enfrentándose os gandeiros a importantes perdas ao ter que vender o produto por debaixo dos custes de produción.

Despois de poñer fin a moitos días de folgas e manifestacións, levadas a cabo polos gandeiros do noso país na procura dun prezo digno para o leite, a situación non mudou a mellor e os gandeiros seguen padecendo consecuencias desastrosas ante a pasividade do Goberno Galego e Estatal, que se amosan incapaces de adoptar medidas e decisións que revirtan esta situación, obrigando aos gandeiros a someterse aos ditados das grandes multinacionais da industria.

Así, dende hai meses, as industrias son as que marcan as pautas, establecendo as novas cotas á produción, deixando totalmente desvalido o sector produtor.

É necesaria a adopción dunhas medidas urxentes que poñan freo a esta situación que pode desembocar nun estado crítico e irreversible que destrúa definitivamente a columna vertebral da economía de moitas comarcas rurais, entre elas a nosa.

Dada a gravidade do que está a acontecer, os Grupos Políticos da Corporación Municipal de Arzúa propomos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar ao Goberno Galego e ao Estatal á toma de decisións urxentes que muden esta situación, apremendo ás industrias ao pago dun prezo xusto do leite en orixe e a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.

2. O Concello de Arzúa ofrece un compromiso en firme coa defensa do sector lácteo, manifestando o seu apoio rotundo a tódolos gandeiros do país, de xeito especial aos produtores de noso concello e aos Sindicatos Agrarios en todas aquelas actuacións e demandas que redunden no dereito a producir e a conquistar prezos xustos en orixe para o noso leite. “

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar que a propia moción establece o que se defende nela.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que a moción refírese a un problema que esta vivindo o sector gandeiro en Arzúa e en toda Galicia.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que a moción é explícita e non hai moito máis que engadir, trátase de apoiar ao sector lácteo en Galicia, que é quen máis necesita ese apoio neste momento, pero tamén ao sector cárnico e ao campo en xeral, porque todos dependemos de todos.

* Do Sr. alcalde para expresar que o peor deste tipo de mocións é que quedan obsoletas dun día para outro; hoxe saíu a conselleira de medio rural dicindo que Europa ten que tomar unha determinación con respecto a estes temas, porque xa había un aumento de produción de leite en toda Europa, e o que ía a pasar é que ou se abría o mercado cara a Rusia ou China ou se ía a padecer outra vez unha situación de superprodución.

Non realizándose máis intervencións, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria as dúas propostas de acordo que contén esta moción;

Adoptándose -por unanimidade dos doce membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Instar ao Goberno Galego e ao Estatal á toma de decisións urxentes que muden esta situación, apremendo ás industrias ao pago dun prezo xusto do leite en orixe e a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.

Segundo.- O Concello de Arzúa ofrece un compromiso en firme coa defensa do sector lácteo, manifestando o seu apoio rotundo a tódolos gandeiros do país, de xeito especial aos produtores de noso concello e aos Sindicatos Agrarios en todas aquelas actuacións e demandas que redunden no dereito a producir e a conquistar prezos xustos en orixe para o noso leite.

Punto 7º) MOCION PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2016, POLOS REPRESENTANTES DOS CATRO PARTIDOS POLÍTICOS REPRESENTADOS NESTA CORPORACIÓN MUNICIPAL (REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 547), PARA SOLICITAR A NON DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DUNHA LIÑA ELÉCTRICA EN DOMBODÁN.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 26 de febreiro de 2015; no seguinte sentido:

“Coñecido por todos os asistentes o contido desta moción (que foi asinada polos representantes dos catro partidos políticos representados nesta Corporación Municipal).

A presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro, someteu a votación ordinaria a conveniencia de propoñer ao Pleno do Concello a súa aprobación.

Adoptándose -por unanimidade dos oito membros asistentes (4 de AxA, 2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- o pronunciamento de incluír esta moción na Orde do día da vindeira sesión plenaria, co obxecto de que se adopten os cinco acordos que contén.”

Intervén o Sr. Alcalde para expresar que esta moción tamén foi presentada conxuntamente polos representantes dos partidos políticos representados nesta Corporación Local; e vai a pasar a dar lectura do seu contido, que é o seguinte:

“Os veciños e veciñas de Dombodán non están dacordo coa implantación dunha nova liña eléctrica que a empresa Unión Fenosa Distribución, S.A. ten solicitado ante a Consellería de Economía e Industria. Así o manifestaron nunha serie de alegacións que presentaron ante o ente autonómico, a través da Asociación de Veciños Nosa Señora do Viso, instando á NON DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA dunha nova instalación eléctrica que causaría graves danos a unha

parroquia xa fortemente castigada por este tipo de infraestructuras.

Os veciños e veciñas de Dombodán solicitaron o apoio do Concello de Arzúa e, dende o Goberno Municipal procuraron poñerse á súa disposición de inmediato, remitindo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria un escrito en apoio ás reivindicacións dos veciños, formulando unha serie de alegacións conducentes a que non se constrúa unha nova liña eléctrica na zona.

Os veciños de Dombodán non están dispostos a soportar máis prexuízos que os que a día de hoxe xa lles causan as oito liñas eléctricas que atravesan a parroquia (3 de media tensión e 5 de alta tensión), polo que amosan o seu rechazo rotundo a sufrir os efectos nocivos dunha nova instalación, que incrementaría os riscos que sobre a saúde das persoas produce a exposición aos campos electromagnéticos, sendo causa de leucemia infantil, cancro de mama ou alzheimer. Os propios veciños constatan con enorme lóxica e preocupación como nos últimos vinte anos se triplicaron os casos de cancro na zona.

A implantación desta nova instalación eléctrica tamén tería un efecto moi negativo sobre tres grandes fontes de xeración de riqueza no municipio: a gandeiría, a agricultura e o turismo rural.

Ademais, e segundo o escrito achegado pola Asociación de Veciños Nosa Señora do Viso de Dombodán, a nova instalación eléctrica ten a finalidade de dotar dun segundo subministro eléctrico á sociedade Explotaciones Gallegas, S.L (EXGA), pero no terreo onde se asenta esta empresa apenas existen instalacións industriais que xustifiquen a necesidade dunha nova liña de abastecemento. De difícil xustificación é que se pretenda declarar a utilidade pública dunha liña eléctrica que só beneficia a unha empresa privada causando graves prexuízos ás dúas de veciños que teñen as súas explotacións agrícolas e gandeiras nunha zona en pleno proceso de concentración parcelaria, onde as bases definitivas xa están aprobadas e firmadas, co proxecto exposto e en fase de resolución das alegacións. Habería que medir ónde está a verdadeira utilidade pública e o interese social, en dar servizo a unha empresa privada ou en favorecer o avance dun proceso de concentración parcelaria que afecta a moitos veciños e que, de implantarse a nova liña, se vería gravemente alterado, véndose na obriga de replantexalo de novo.

Ninguén entende como se exclúe directamente a posibilidade de reforzar algunha das liñas que se pretenden deixar en desuso ou calquera das dúas liñas de media tensión que existen de dita empresa entre Portodemouros e Touro; técnicos consultados ao efecto consideran que con reforzar calquera desas liñas quedaría asegurado tal servizo.

Incluso chegado o caso de que esa nova instalación eléctrica puidese resultar necesaria, o que os veciños non aceptan nin o concello tampouco é o agravio comparativo que supón a construción do trazado da liña eléctrica se proxecte de forma aérea no tramo que discorre polo Concello de Arzúa e de forma soterrada no tramo que atravesa o Concello de Touro.

Por iso, os grupos políticos da Corporación Municipal de Arzúa propomos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a non declarar a utilidade pública desta nova instalación eléctrica.

2. Instar a que se aproveiten ou reforcen algunhas das liñas xa existentes ou que están en desuso, no caso de que a nova liña se considere finalmente necesaria.

3. Solicitar que se reformule o proxecto soterrándoa na súa totalidade, no caso de que a nova liña resulte imprescindible, e que se acaden coa Xefatura Provincial de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, da Consellería de Medio Rural, da que dependen os traballos de Concentración Parcelaria, os acordos necesarios para dar solución ás diferentes situacións que se van plantexar; de xeito que ningún propietario se vexa inmerso en situacións derivadas da imposición de nova servidumes sobre as leiras de reemprazo que non constan reflectidas nas Bases Definitivas da Concentración Parcelaria.

4. Solicitar do Servizo de Infraestruturas Agrarias, da Consellería do Medio Rural, a emisión dun informe no que se recollan as repercusións que a implantación desta nova liña eléctrica tería sobre o proceso de concentración parcelaria que na actualidade se está a desenvolver nas parroquias de Dombodán-Branzá, que xa conta coas Bases Definitivas Aprobadas e Firmes e co Proxecto xa exposto e en fase de Resolución das Alegacións ao mesmo.

5. Apoiar aos veciños e veciñas de Dombodán en todas cantas accións emprendan para que non se declare a utilidade pública desta nova instalación eléctrica.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que, como esta moción foi elaborada en conxunto, non ten nada que engadir, e só quere pedir aos que teñan relación coas Administracións - neste caso ao Partido Popular- que se cuestionen este tipo de autorizacións polos encargados de dalas.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que estamos de acordo con esta moción, e que o noso partido tamén presentou unha proposición non de lei no Parlamento, e estamos á espera de debate parlamentario respecto a este tema, e de momento non recibimos ningunha resposta por parte do Partido Popular.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que o grupo político do Partido Popular apoia ao 100% todo o que se reflicte no escrito que contén a moción, porque lle parece de xustiza.

Non realizándose máis intervencións, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria as cinco propostas de acordo que contén esta moción;

Adoptándose -por unanimidade dos doce membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a non declarar a utilidade pública desta nova instalación eléctrica.

Segundo.- Instar a que se aproveiten ou reforcen algunhas das liñas xa existentes ou que están en desuso, no caso de que a nova liña se considere finalmente necesaria.

Terceiro.- Solicitar que se reformule o proxecto soterrándoa na súa totalidade, no caso de que a nova liña resulte imprescindible, e que se acaden coa Xefatura Provincial de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, da Consellería de Medio Rural, da que dependen os traballos de Concentración Parcelaria, os acordos necesarios para dar solución ás diferentes situacións que se van plantexar; de xeito que ningún propietario se vexa inmerso en situacións derivadas da imposición de nova servidumes sobre as leiras de reemprazo que non constan reflectidas nas Bases Definitivas da Concentración Parcelaria.

Cuarto.- Solicitar do Servizo de Infraestruturas Agrarias, da Consellería do Medio Rural, a emisión dun informe no que se recollan as repercusións que a implantación desta nova liña eléctrica tería sobre o proceso de concentración parcelaria que na actualidade se está a desenvolver nas parroquias de Dombodán-Branzá, que xa conta coas Bases Definitivas Aprobadas e Firmes e co Proxecto xa exposto e en fase de Resolución das Alegacións ao mesmo.

Quinto.- Apoiar aos veciños e veciñas de Dombodán en todas cantas accións emprendan para que non se declare a utilidade pública desta nova instalación eléctrica.

B) CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL:

Punto 1º) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE, DURANTE OS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO, MARZO, ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2015.

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 8 de xaneiro de 2015 -en que foi ditada a resolución máis inmediata á última de 30 de decembro de 2014 (*da cal se dou conta na sesión plenaria celebrada o día 30 de outubro de 2015*)- ata a ditada o día 30 de xuño de 2015.

Estando referidas:

* A primeira resolución (*reflectida no folio 7.951 e volto*), á inscrición da asociación “Arqueiros de Arzúa” no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, como consecuencia da solicitude presentada no Rexistro Xeral do Concello o día 18 de decembro de 2014, por don José Luis Dopico Otero, actuando como presidente de dita asociación.

* Mentres que a última resolución (*reflectida nos folios 8.220 volto e 8.221 e volto*), refírese á devolución da garantía que tiña constituída a sociedade madeireira COMERCIAL SEOANE, S.L. o día 24 de febreiro de 2014, por un importe de 76,25 euros, por razón do expediente relativo á saca de madeira número 10/2014, iniciado en virtude do escrito de comunicación previa presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 20 de xaneiro de 2014 (que foi rexistrado de entrada ao número 151).

Tendo en conta:

- Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestación do dereito de información dos concelleiros, e
- Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptouse -por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- o acordo de quedar enterados.

Punto 2º) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN ESIXIDO POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Polo secretario indícase que ese informe refírese ao **cuarto trimestre** do pasado exercicio económico, cuxo informe foi emitido pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “*os tesoureiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe, sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo*”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “*a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurrirán mais de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitarán os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos*”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e o tesoureiro emitiron un informe con data 25 de xaneiro de 2016, a través do cal indican que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de outubro e 31 de decembro de 2015, salvo erro ou omisión involuntario, obtense a seguinte información:

a) **Facturas ou documentos xustificativos pagos no cuarto trimestre de**

2015:

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	474	8
Importe total	760.852,50 euros	8.257,07 euros
Período medio de pago	30,63 días	

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 n° 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	14	0
Importe total	150.186,93 euros	0
Período medio de pendiente de pago	9,41 días	

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 n° 4 Lei 15/2010).

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados da información facilitada pola interventora e polo tesoureiro, a través do informe indicado.

Segundo.- Dar traslado do informe emitido, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

Antes de pasar á rolda de Rogos e Preguntas, o Sr. alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que se achegaba coa convocatoria desta sesión, e que non teña cabida na rolda de rogos e preguntas (*que coincide co punto 3º do apartado B) nomeado “Control e seguimento da xestión municipal”, da Orde do día desta sesión*).

Indicando o Sr. alcalde que a moción que presentara o Sr. García Couso no Rexistro Xeral do Concello o día 24 de febreiro, non puido ser incluída na Orde do día da sesión que celebrou a Comisión informativa para Asuntos do Pleno o día 26 de

febreiro, porque a convocatoria para dita sesión notificárase xa o día 23 dese mes; polo que, se o Sr. García Couso quere incluír aquela moción neste momento, por razóns de urxencia, procederemos a votar a urxencia de debatila agora, previa a xustificación desa urxencia.

Manifestando o Sr. García Couso que prefire que esa moción referida ao cumprimento real e efectivo da Carta Europea das linguas rexionais e minorizadas, sexa tratada polo procedemento normal, noutra sesión, xa que se trata dunha moción xenérica en defensa da lingua que nunca estará desactualizada.

Polo que dita moción quedou pendente de ser tratada noutra sesión plenaria, previo o ditame da mesma pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno.

Deseguido a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) manifesta que desexaba presentar unha moción, relativa á revisión catastral, que aínda non se presentou a través do Rexistro Xeral e podería deixarse para a vindeira sesión plenaria, sí considera que é urxente, porque se refire a un tema que afecta negativamente ás explotacións gandeiras en Arzúa, porque se está impulsando esa revisión catastral desde o Ministerio de Facenda, co obxectivo de aumentar a recadación do imposto sobre bens inmobles de natureza rústica.

Polo que o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción.

Manifestando a Sra. Balado Conde que antes de proceder a ese debate quere dar lectura de dita moción; sendo o seu contido o seguinte:

“O procedemento de revisión catastral impulsado dende o Ministerio de Facenda, co obxectivo de aumentar a recadación e intentar sanear as contas dos concellos, vai a ocasionar un impacto importante sobre os habitantes do medido rural en xeral e sobre todo sobre as explotacións agrarias e gandeiras.

Esta revisión da resposta a aplicación da resolución da Dirección Xeral do Catastro, de setembro de 2013, que marca como prazo ata o ano 2016 para levar a cabo dita actualización.

Este proceso consiste fundamentalmente en que se están a catastrar todas as fincas do rural, así como a dar de alta bens como instalacións rústicas que son catalogadas como almacéns ou vivendas.

Isto ten como consecuencia que as instalacións agrarias inclúense no Imposto de Bens e Inmobles; é dicir, pasan a pagar instalacións que ata agora estaban exentas de facelo.

Tal como recolle o artigo 74 da Lei Xeral Tributara que permite as bonificacións potestativas, e establece que “os concellos mediante unha ordenanza poderán regular as bonificacións de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor dos inmobles nos cales se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por darse circunstancias sociais, culturais, históricas, artísticas ou fomento de ocupación”.

Do mesmo xeito a normativa permite ao Concello decidir o coeficiente a

aplicar sobre o valor catastral entre o 0,3% e o 0,9%.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Arzúa, dado a importancia que o sector agrario representa neste Concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva, e polo tanto de especial interese municipal, insta ao Pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

- Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para os bens inmoables nos cales se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras*
- Para as explotacións agrícolas e gandeiras ó coeficiente de tributación a aplicar sobre o valor catastral, será do 0,3%.”*

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que nos parece moi importante o tema das explotacións gandeiras, que ata agora non tiñan porque pagar este imposto, e no momento en que estamos pensamos que ou non deberían pagar ou pagar o mínimo.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que vai votar a favor desta moción, aínda que as explotacións gandeiras xa pagan o imposto; e habería que coñecer un pouco o que significa en volumen de aumento ese imposto en cada caso, sexa por nova obra ou por inclusión de instalacións agrogandeiras, ou sexa por unha nova revisión que inclúa as novas construcións que se fixeran adicionais a esas explotacións.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que cre que a revisión inclúe todas.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que van votar a favor, porque un sector como é o campo, que se está tambaleando en todos os seus aspectos, vanno apuntillar con este imposto; cre que teñamos que estar falando de axudas e non de zancadillas.

*Do Sr. alcalde para expoñer que o grupo político Alternativa por Arzúa vai votar en contra por dous motivos:

- Porque habería que facelo por medio dunha ordenanza, na que se especificase o índice de bonificación que se ía aplicar, e

-Porque, para elaborar esa ordenanza, fan falla uns datos de cal é a situación real do Concello e a situación pola que pasarían eses veciños.

E ten experiencia, pola anterior revisión catastral que se fixo, que gracias ao consello dos servizos económicos do concello non cometemos un erro, no que estivemos a punto de caer, gracias aos antigos compañeiros do Bloque Nacionalista Galego, e agora non quere entrar neste tema sen ter os datos económicos máis claros.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria as dúas propostas de acordo que contén esta moción;

Adoptándose -por sete votos en contra (de AxA) e cinco a favor (3 do PP, 1 do

PSdeG- PSOE e 1 de CxG-CCTT)- o acordo de non subscribir esas dúas propostas de acordo.

*Punto 3º) **ROGOS E PREGUNTAS.***

I) Polo Sr. García Couso (de CxG-CCTT) formulouse un **ROGO** ao Sr. alcalde para que, en base ao seu dereito como concelleiro e para desenvolver as funcións que lle corresponden como oposición, que é de fiscalización e control da xestión municipal, se lle dea a documentación que solicitara a través do escrito dirixido e presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 16 de novembro de 2015; pasando a ler dito escrito así como a contestación dada ao mesmo polo Sr. alcalde mediante un escrito de 4 de decembro de 2015 (rexistrado de saída no Rexistro Xeral do Concello o día 9 do mesmo mes, ao número 2471), así como do escrito que presentou el no Rexistro Xeral do Concello o día 20 de xaneiro de 2016 (que foi rexistrado de entrada ao número 223) e da contestación dada ao mesmo polo alcalde mediante outro escrito de data 26 de xaneiro de 2016 (rexistrado de saída no Rexistro Xeral do Concello o día 26 do mesmo mes).

Sendo o texto íntegro deses catro escritos, lidos polo Sr. García Couso, o seguinte:

● Escrito do Sr. García Couso de data 16 de setembro de 2015 (presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 16 de novembro de 2015):

“ Eu, J. Inacio García Couso, membro da Corporación Local deste Concello, ao abeiro do artigo 1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, SOLICITO copia dos seguintes expedientes:

1º) Recurso de reposición interposto polo Concello de Arzúa diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), argumentando a imposibilidade de derribo da sexta planta do edificio da rúa de Lugo, nº 2.

2º) Auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), desestimando o referido recurso.

3º) Recurso de casación interposto polo Concello de Arzúa diante do Tribunal Supremo (TS), argumentando a imposibilidade de derribo da sexta planta do edificio da rúa de Lugo nº 2.

4º) Sentencia do Tribunal Supremo (TS) desestimando o referido recurso.”

● Escrito do Sr. alcalde de data 4 de decembro de 2015 (rexistrado de saída no Rexistro Xeral do Concello o día 9 de decembro de 2015, ao número 2471):

“Visto o escrito dirixido a este alcalde, que foi presentado por Vde. no Rexistro Xeral do Concello con data 16 de novembro de 2015 (sendo rexistrado de entrada ao número 3.569), a través do cal solicita unha copia completa de determinadas actuacións en relación coa sexta altura do edificio da rúa de Lugo, nº 2, que sería obxecto de demolición en cumprimento dunha sentenza.

Véxome na precisión de comunicarlle que, como esa documentación non se atopa incluída en ningún dos supostos de libre acceso a que se refire o artigo 10 do Regulamento Orgánico Municipal (coincidente co artigo 15 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais), para poder facilitarlle esa información deberá acreditar previamente -tal como esixe o artigo 9 n.º 1 de dito regulamento (artigo 14 n.º 1 do ROF)- que a documentación solicitada resúltalle necesaria para o desenvolvemento da súa función; polo que, tan axiña como poida acreditar esa circunstancia, poderase resolver a súa petición.”

● Escrito do Sr. García Couso de data 18 de xaneiro de 2016 (rexistrado no Rexistro Xeral do Concello o día 20 de xaneiro de 2016, ao número 223)

“X. Inacio García Couso, membro da Corporación Local deste concello, cuxos datos de afiliación xa lle constan, ante a Alcaldía comparezo e digo:

-Que en novembro do pasado ano solicitei, ao abeiro do artigo 14 do ROF, copia da documentación relacionada coas incidencias que houbo no trámite de inexecución da sentenza, referida ao derribo da sexta planta do edificio sito na rúa de Lugo n.º 2, desta localidade.

-Que a dita solicitude se me dou resposta (fóra da prazo, segundo o artigo 14 n.º 2 do ROF), por medio de comunicación de data 4 de decembro seguinte, co fundamento de non estar xustificada a relación entre esta petición e o exercicio das miñas funcións como concelleiro. Advertindo que neste acto poñemos reparo á citada comunicación, por non vir acompañada do preceptivo réxime de recursos que en calquera caso se solicita.

-Que a relación que se dí non acreditada é patente e palmaria: a información de asuntos municipais para o adecuado e efectivo control do goberno municipal.

-Que é por iso que, ademais de mostrar a miña absoluta discrepancia para con esa comunicación e de solicitar a preceptiva información sobre o correspondente réxime de recursos, reitérase a petición, agora ademais reforzada mediante a súa articulación complementaria ao abeiro dos artigos 12 e 17 e seguintes da Lei 19/2013 de transparencia.

SOLICITO se me teña por presentado este escrito de discrepancia, para coa denegación de acceso e copia da documentación á que se facía mención no meu escrito anterior e solicitude de ofrecemento dos recursos que procedan, e por reiterada a petición de acceso e obtención de copia daquela, con lexitimación reforzada que agora se deriva dos artigos 12 e 17 e seguintes da Lei 19/2013.”

● Escrito do Sr. alcalde de data 26 de xaneiro de 2016 (rexistrado de saída no Rexistro Xeral do Concello o mesmo día, ao número 123):

“Visto o seu escrito de data 18 de xaneiro de 2016, que foi presentado no Rexistro Xeral deste Concello o día 20 de xaneiro de 2016, sendo rexistrado de entrada ao número 223; a través de cuxo escrito expón:

- Que en novembro de 2015 solicitou copia da documentación relacionada coas incidencias habidas en trámite de inexecución da sentenza referida ao derrubido do sexto andar do edificio sito na rúa de Lugo, n.º 2.

- Que, como resposta a dita solicitude, se lle comunicou con data 4 de

decembro de 2015 que non estaba xustificada a relación entre esa petición e o exercicio das súas funcións como concelleiro.

- Que neste acto pon reparo á citada comunicación por non vir acompañada do preceptivo réxime de recursos.

- Que a relación que se di non acreditada é patente: a información de asuntos municipais para o adecuado e efectivo control do goberno municipal.

Polo que, ademais de solicitar a preceptiva información sobre o correspondente réxime de recursos, reitera a súa petición, agora reforzada ao abeiro dos artigos 12 e 17 e seguintes da Lei 19/2013 de transparencia. E

Resultando.- Que o motivo de non facer o ofrecemento de recursos (no escrito o día 4 de decembro, que lle foi notificado ao Sr. García Couso o día 21 de decembro de 2015) foi porque considerouse que no seu escrito faltaba un elemento esencial para poder resolver a súa solicitude; posto que o artigo 14 n.º 1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais regula o dereito dos concelleiros a obter antecedentes, datos ou informacións que obren en poder dos servizos da Corporación, cando resulten precisos para o desenvolvemento da súa función; e está claro que no escrito de data 16 de setembro de 2015 (que o Sr. García Couso presentou no Rexistro Xeral do Concello o día 16 de novembro) non indicaba de ningunha maneira para que precisaba a documentación solicitada.

De ahí que se lle requirise esa información, como requisito necesario para poder resolver a solicitude que presentara o día 16 de novembro de 2015.

Resultando.- Que dáse a circunstancia de que a competencia para levar a cabo a execución da sentenza, da que dimana a documentación que solicitara o Sr. García Couso, sería do alcalde e non do Pleno do Concello.

Polo que requírese agora o Sr. García Couso para que manifieste por escrito que tipo de control pretende levar sobre este alcalde: se desde o punto de vista administrativo, desde o punto de vista político, desde o punto de vista penal...; porque a o mellor esa atribución non lle corresponde a él.

En consecuencia con todo o exposto, esta Alcaldía **RESOLVEU**:

Primeiro.- Requirir ao Sr. García Couso, aos fins que quedaron indicados, facéndolle saber que cando facilite cal é a súa intención resolverase a súa solicitude; e, en consecuencia, na resolución que se adopte fixarase o correspondente réxime de recursos.

Segundo.- Considerar que cabe entender que non debe ter moito interese o Sr. García Couso en obter a información solicitada, se temos en conta:

- Que a sentenza (da que dimana a documentación que se solicita) xa levaba varios anos pendente de execución canto este alcalde accedeu ao cargo no ano 2011; e o Sr. García Couso tomou posesión como concelleiro o día 11 de xuño de 2011, ata que cesou no cargo o 11 de maio de 2013, e agora leva xa varios meses de concelleiro, desde que tomou posesión no cargo o día 13 de xuño de 2013.

- Que o seu primeiro escrito ten data de 16 de setembro e o presenta no Rexistro Xeral do Concello dous meses despois; mentres que o seu segundo escrito presentouno (o 20 de xaneiro) un mes despois de serlle notificado (o 21 de decembro)

o requirimento relacionado co primeiro escrito.

Facéndolle saber que contra a presente resolución non procede recurso ningún, por tratarse dun acto de trámite, sen prexuízo de que poida Vde. interpoñer o que estime procedente”.

II) Tamén polo Sr. García Couso (de CxG-CCTT) formularonse as seguintes **PREGUNTAS** ao Sr. alcalde:

PRIMERA.- Na sesión que celebrou o Pleno do Concello o día 30 de outubro de 2015, preguntou cantas solicitudes de prazas había en espera para a Gardería municipal; e, como se lle dixo que se lle contestaría, quere sabelo.

SEGUNDA.- Na sesión que celebrou o Pleno do Concello o día 28 de agosto de 2015, aprobouse unha moción, na que un dos acordos adoptados consistiu en instar ao Ministerio de Fomento para que no ano 2016 se dotase a partida correspondente nos orzamentos xerais do Estado, para que as obras da estrada A-54 no tramo de Arzúa-Lavacolla sexan rematadas, en todo caso neste mesmo ano, así como que se execute todo o destinado para o ano 2015; e tamén acordouse, cando se adoptou aquel acordo, que se ía remitir esta moción a todos os grupos políticos do Congreso dos Deputados, que nas súas filas teñan representación por Galicia.

E pregunta ao Sr. alcalde ¿se se fixo algo do que se aprobou en dita moción?.

TERCEIRA.- En relación co inventario de bens que aprobou o goberno municipal no ano 2015, que contén inexactitudes e graves faltas de redacción no uso do idioma, xa que hai unha mestura de castelán e galego, quere preguntar ao Sr. alcalde: ¿Por que nese inventario se retiran dúas rúas que estaban no inventario dese momento, cando tomou posesión a Corporación Local o 11 de xuño de 2011, en concreto a rúa do Cobelo e a rúa de Catro Ventos?; e di se será debido a que esas rúas aparecen nun proceso xudicial que se segue no Tribunal de A Coruña e que foi inducido desde este concello.

Manifesta o Sr. alcalde que a resposta a estas preguntas se lle dará ao Sr. García Couso na seguinte sesión plenaria; se ben, en canto á pregunta referida á Gardería, responde agora ao Sr. García Couso que o luns vanlle traer os novos datos das solicitudes que hai para o ingreso na Gardería; e, se eses datos os quere ter o Sr. García Couso antes da seguinte sesión do Pleno, pode pasar a semana que ven por aquí.

III) Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) formulouse a seguinte **PREGUNTA** ao Sr. alcalde: ¿Como está o tema da declaración de interese turístico nacional da Festa do Queixo?

Responde o Sr. alcalde :

- Que o expediente que se tería que entregar en principio na Secretaría Xeral de Turismo, xa se entregou.

- Que o único que faltaba eran tanto as noticias como a publicidade a nivel nacional; e agora estamos completando iso do número de anuncios en medios nacionais.

- Que este ano a publicidade da Festa do Queixo figurou na contraportada dos periódicos “El País” e “ABC”, xa que nos fixeron unha oferta moi interesante, e aproveitámola.

IV) Polo Sr. García Rodríguez (do PP) formulouse a seguinte **PREGUNTA** ao Sr. alcalde, indicando que lle agrada saber que se rebaixou o custo da Festa do Queixo, e gustaríalle saber ¿Se se podería rebaixar mais, e se se poden reactivar outras festas ou feiras, como as feiras a nivel mensual?

Contesta o Sr. alcalde:

-Que, no custo da Festa do Queixo, non hai moita marxe de manobra se se quere manter o nivel que hai na produción do festival, porque o que é só o escenario, a iluminación e o son custa sobre 55.000 euros, sen contar as actuacións. Co cal a marxe sempre está no tipo de actuación que se contrate. A actuación principal non pasa de 18.000 euros. E isto é só falando do festival, sen ter en conta outras cousas, como stands e todo o resto de cousas necesarias.

-Que haberá que tomar algún tipo de decisión a este respecto, como por exemplo facer o festival de pago, ou facer fincapé na financiación privada. (Así este ano colaboraron seis ou sete empresas de Arzúa e esperamos que se vaian sumando algunhas máis).

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dase por rematado o acto; levantándose a sesión as 21.50 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que queda autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario que certifica.